- A proposta de valores cristiáns.
- O labor social da Igrexa: educativa, cultural e asistencial.
- A arte sacra ao longo dos séculos: estilos e tendencias.
- Análise dunha obra de arte.
- A beleza da fe cristiá na arte.
- Manifestacións artísticas de carácter relixioso: arquitectura, escultura, pintura e música.
- Novas formas de anunciar a mensaxe de Xesús.

### Criterios de avaliación

5. Relacionar os valores sociais actuais cos valores cristiáns e recoñecer a influencia destes.
6. Identificar na cultura a riqueza e a beleza que xera a fe.
7. Recoñecer a presenza cristiá en diferentes manifestacións da cultura actual.
8. Obter información relevante a partir da análise de textos de carácter relixioso.

### Estándares de aprendizaxe

IV.5.1 Enumera valores sociais actuais e relaciónaos de modo inequívoco con valores cristiáns. (CAA, CCL, CSC)

IV.6.1 Demostra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. (CCL, CAA, CCEC)

IV.7.1 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc. e atopa a súa presenza nos medios actuais. (CCL, CSC, CCEC)

IV.8.1 Descubre e explicita con claridade a mensaxe evanxélica contida nun texto de carácter relixioso. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### III.3. Criterios de cualificación (Rúbricas)

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE: Bloques I e II, Unidades 1, 2 e 3**

#### **III.3.1. Estándares de aprendizaxe avaliados/Niveis de desenvolvemento** (1. Pouco adecuado. 2. Adecuado. 3. Moi adecuado. 4. Excelente)

##### **I.1.1 Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que reconece a esixencia humana de felicidade e plenitude. (CCL, CSC)**

1. Ten escaso interese en entender a necesidade de plenitude dos seres humanos e/ou non comparte situacións nas que se manifeste.
2. Reconece o desexo de plenitude e felicidade do ser humano, aínda que queda nos exemplos e non chega a xeneralizar.
3. Identifica nos demais a necesidade de plenitude e felicidade, pero non o asimila como parte de si.
4. Pon en común exemplos nos que queda patente a esixencia de felicidade e plenitude dos seres humanos, entendendo que forma parte de si.

##### **I.2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos, entendendo a finitude do ser humano. (CAA, CSC, CSIEE)**

1. Resúltalle dificultoso identificar as distintas respostas dos seres humanos ante a dor e a alegría.
2. Alcanza a identificar algunhas experiencias como respostas fronte ao sufrimento, pero non o fai con todas.
3. Entende que hai diferentes respostas ante o sufrimento e pode identificalas, pero non logra exemplificalas na súa contorna.
4. Distingue e localiza as distintas respostas do ser humano ante o sufrimento e identifica exemplos concretos da súa contorna.

##### **I.2.2 Selecciona escenas de películas ou documentais que amosan a procura de sentido. (CD, CSIEE, CCEC)**

1. É incapaz de atopar en imaxes fílmicas algún exemplo de procura de sentido.
2. Atopa escenas de procura de sentido, pero só se son moi claras.
3. Reconece situacións filmadas nas que se dá a procura do sentido da vida, pero faino intuitivamente.
4. Atopa e identifica claramente escenas nas que se amosa a procura de sentido.

##### **I.3.1 Explica, coas súas propias palabras, testemuños de persoas que superaron dificultades apoiadas na fe. (CCL, CSIEE)**

1. Resúltanlle indiferentes os testemuños de persoas que superaron dificultades con axuda da fe.
2. Entende que existen testemuños de persoas que se apoiaron na fe, aínda que non os ve como algo próximo a si.
3. Resúltalle complicado describir os testemuños positivos ante o sufrimento, aínda que dá sinais de coñecelos.
4. Recrea coas súas palabras testemuños vivos da fe, presentes nas persoas que superaron dificultades axudados por ela.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **I.4.1 Coñece e describe o proceso de reprodución de libros nas bibliotecas dos mosteiros durante a Idade Media (CAA, CCL, CCEC)**

1. Non relaciona a vida monacal coa reprodución de libros, e aínda cando o acepte, non entende a súa repercusión na cultura.
2. Entende vagamente a relación entre a reprodución de libros nos mosteiros medievais e o seu significado cultural.
3. Recoñece a importancia dos mosteiros na difusión dos libros, pero non ten claro o papel dos copistas.
4. Entende como se copiaban os libros nos mosteiros e a repercusión cultural que isto tivo na Idade Media.

### **I.5.1 Manifesta opinións razoadas sobre as respostas das grandes relixións ao problema da morte e o máis alá. (CCL, CSC, CCEC)**

1. Confunde frecuentemente as respostas das grandes relixións fronte á morte e o máis alá.
2. Identifica algúns trazos das grandes relixións, pero sen relación cos problemas fundamentais do ser humano.
3. Coñece a grandes trazos as respostas das grandes relixións, pero non é capaz de argumentalas.
4. Compara razoadamente as respostas que dan as grandes relixións ás principais interrogantes

### **I.6.1 Explica razoadamente os perigos que supoñen as ciencias ocultas, o esoterismo e as seitas para o equilibrio da persoa humana. (CSC)**

1. Non identifica claramente que é unha seita e non entende cales son os seus perigos para o equilibrio das persoas.
2. Sabe que é unha seita, identifica algunhas delas, pero non percibe perigo na súa existencia.
3. Coñece as características das principais seitas e do esoterismo, pero non critica a súa actuación nin identifica claramente os seus perigos.
4. Realiza unha análise crítica persoal das propostas das ciencias ocultas, o esoterismo e as seitas para responder os grandes problemas que se presentan na vida.

### **I.7.1 Explica, con feitos concretos, a actitude de Xesús fronte ao sufrimento e a morte. (CAA, CCL, CCEC)**

1. Non sente interese pola actitude cristiá ante a morte.
2. Coñece a grandes liñas a paixón e morte de Xesús, pero resúltalle difícil relacionalas cunha resposta vital válida.
3. Entende que a paixón e morte de Xesús foron un sacrificio pola humanidade, pero non identifica cada un dos momentos da paixón nin o seu sentido.
4. Identifica, en exemplos concretos, os trazos da paixón e morte de Cristo que a identifican como unha proposta de esperanza na plenitude final.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **I.7.2 Recoñece a resurrección de Xesús como a porta de acceso á vida eterna. (CAA, CCEC)**

1. Non entende a importancia da resurrección de Xesús.
2. Acepta que Xesús resucitou, pero circunscribe ao seu caso, sen comprender a súa transcendencia.
3. Valora a resurrección de Xesús, pero non alcanza a entender en plenitude a súa relación coa vida eterna.
4. Valora a resurrección de Xesús como a superación da morte ofrecida ao ser humano.

### **I.8.1 Enumera actitudes e feitos concretos que favorecen o diálogo interrelixioso. (CAA, CSC, CCEC)**

1. Enumera escasamente os trazos fundamentais do cristianismo, e non pode relacionalos con outras relixións.
2. Entende que existen outras relixións e identifica os seus trazos fundamentais, pero non é capaz de relacionalos coa cristiá.
3. Identifica algúns trazos comúns entre relixións, especialmente entre cristianismo e islam, pero non entende que poidan levar ao entendemento mutuo.
4. Identifica trazos comúns e comprende que a súa existencia e posta en relevo son fundamentais para permitir un diálogo interrelixioso.

### **II.1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. (CCL, CAA, CSC)**

1. Resúltalle difícil entender o concepto de pecado, mesmo como transgresión dunha lei moral.
2. Entende o pecado como o incumprimento dunha lei divina, pero non o relaciona coa vida cotiá.
3. Comprende que o pecado é, en xeral, rexeitar a Deus na propia vida, pero resúltalle dificultoso atopar exemplos cotiáns.
4. Descubre a raíz do pecado no rexeitamento da presenza divina na vida e sabe identificar situacións diarias nas que se dá.

### **II.2.1 Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. (CCL, CAA,**

1. Ten dificultades para entender a mensaxe divina contido na Sacra Escritura, especialmente se se trata dun relato de corte literario.
2. Coñece textos sacros, en concreto o relato da creación no libro da Xénese, pero non o relaciona coa vida contemporánea.
3. Coñece os textos do libro da Xénese e identifica neles a parte literaria e a parte revelada, pero non consegue adaptar a historia a unha linguaxe propia e actual.
4. Recrea de forma actualizada as ideas vertidas no libro da Xénese sobre o pecado orixinal, diferenciando perfectamente a parte literaria da verdade revelada nos textos sacros.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **II.3.1 Explica de forma razoada por que Deus chama a todas as persoas a colaborar con El na construción dun mundo máis humano. (CCL, CSC, CCEC)**

1. Identifica os seus desexos e ilusións, pero non os reconece como unha vocación impresa por Deus.
2. Acepta que existe unha chamada divina á humanidade, pero non a relaciona cunha chamada concreta nin coa súa propia.
3. Considera positiva a chamada de Deus a mellorar o mundo, pero non se sente implicado nela de forma persoal.
4. Descubre a súa vocación propia como resposta á chamada divina para construír un mundo máis humano.

### **II.4.1 Relaciona o relato de Caín e Abel coas actitudes en contra dos atentados á vida humana. (CCL, CAA, CSC)**

1. Non chega a relacionar de forma clara o pecado e os atentados contra a vida humana.
2. Comprende que o pecado inflúe negativamente na vida, pero non o aplica á súa, nin ve a relación co relato de Caín e Abel.
3. Entende que o pecado crea conflitos entre as persoas e comprende o relato de Caín e Abel, pero non o asume como parte da súa experiencia persoal.
4. Valora as consecuencias do pecado na relación cos demais, tomando como exemplo a historia de Caín e Abel e entendendo que é extrapolable a calquera existencia humana.

## **SEGUNDO TRIMESTRE: Bloque III, Unidades 4 e 5**

### **III.1.1 Busca e selecciona biografías de conversos. (CCL, CD)**

1. Non pode identificar personaxes que cambien a súa vida á luz do exemplo de Xesús.
2. Atopa algúns exemplos de biografías de conversos, pero non entende como influíu nas súas vidas o encontro con Cristo.
3. Selecciona algúns exemplos de persoas que cambiaron a súa vida por medio da fe en Xesús, pero non os considera significativos.
4. Recoñece e selecciona exemplos destacados de conversos, que dan testemuño da importancia do cambio profundo na súa vida.

### **III.1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. (CCL, CSC, CCEC)**

1. Cústalle entender en que cambia a vida das persoas que asumen na súa vida a Cristo.
2. Entende os cambios asumidos polas persoas que aparecen nos exemplos, pero non considera que sirvan para outras persoas.
3. Comprende que o encontro con Cristo cambia as persoas e a súa forma de ver o mundo, pero os seus xuízos son superficiais e quedan nos exemplos.
4. Entende e asimila o cambio profundo que se produce no encontro con Cristo e é capaz de ver que este se dá nos exemplos seleccionados e en todos os casos similares.



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **III.2.1 Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. (CCL, CAA, CD, CSIEE)**

1. Non pode expresar as consecuencias do cambio vital que supón o encontro con Cristo.
2. Expresa de forma sucinta os cambios do encontro con Cristo nalgúns casos, pero non sabe xeneralizar.
3. Comparte algúns exemplos audiovisuais ou textuais sobre a transformación que supón a ascensión da fe en Xesús, pero cústalle ir máis alá dos exemplos propostos.
4. Expresa, por medio de videoclips, textos ou curtas, o cambio de punto de vista sobre o mundo que supón o encontro con Xesús e preséntao con exemplos pero tamén de forma válida para todos os casos.

### **II.3.1 Distingue nunha pintura os contidos que se axustan aos relatos bíblicos das interpretacións libres dos artistas. (CAA, CCEC)**

1. Non lle interesa a pintura se o seu tema é relixioso.
2. Entende o valor das obras artísticas como tales, pero descoñece a súa importancia como elementos relixiosos.
3. Localiza os temas bíblicos tratados nas pinturas polos seus trazos fundamentais.
4. Diferencia os trazos axustados ao relato bíblico e as achegas creativas dos artistas.

### **III.4.1 Distingue o valor simbólico das imaxes do culto á persoa que representan. (CAA, CCEC)**

1. Non valora a pintura relixiosa en xeral.
2. Non identifica as figuras representadas como elementos simbólicos.
3. Entende que as pinturas representan a personaxes relixiosos, pero confunde o tipo de veneración que merecen.
4. Pode diferenciar o valor simbólico da pintura do culto á figura relixiosa que representan.

### **III.5.1 Busca, selecciona e presenta, de forma xustificada, a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa. (CCL, CAA, CSIEE)**

1. Pensa que pertencer ou non á Igrexa é unha cuestión documental.
2. Entende que a pertenza á Igrexa leva o coñecemento de Cristo, pero non o asume na súa vida nin pode exemplificalo.
3. Respecta e valora o encontro con Cristo a través da Igrexa, pero non o concreta en si mesmo nin noutra persoa.
4. Asume que a pertenza á Igrexa e a comunión con Cristo son unha mesma cousa e pode xustificar a experiencia propia ou allea deste encontro.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **III.6.1 Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa. (CCL, CSC)**

1. Non presenta interese pola forma de vida presentada por medio de testemuños de fe.
2. Acepta que hai persoas que viven plenamente a súa fe, pero non parece entender en que poden afectarlle.
3. Escoita respectuosamente os testemuños e valóraos, pero no debate non presenta argumentos que fagan entender que comprendeu que hai plenitude neles.
4. Valora a experiencia dunha vida plena na fe e entende en que medida poden servirille para a súa vida e así o transmite, debatendo respectuosamente.

### **III.7.1 Identifica e describe perfectamente os elementos básicos da liturxia cristiá: oración, sacramentos, vida de comunidade etc. (CAA, CCL, CECP)**

1. Aмосa desinterese acerca dos elementos litúrxicos e o seu significado.
2. Coñece ritos e elementos litúrxicos, pero basicamente na súa forma externa, sen chegar a entender os seus mecanismos.
3. Coñece os principais elementos da liturxia, pero non chega a afondar na súa necesidade para achegarse a Xesús.
4. Recoñece e identifica os elementos da liturxia que serven para facilitar o encontro con Cristo e entende a súa dimensión simbólica e vivencial.

### **III.8.1 Explica o sentido da oración cristiá e valora as achegas dos mosteiros e dos grandes teólogos. (CCL, CCEC)**

1. Non lle interesan as oracións e outras achegas dos teólogos.
2. Coñece oracións e sabe que son importantes na Igrexa, pero non sabe explicar o porqué.
3. Entende que as oracións e outras achegas monásticas e teolóxicas teñen un sentido, pero non alcanza a entendelo completamente.
4. Asume o valor da oración como achega fundamental dos teólogos e da vida monástica á aproximación a Xesús.

## **TERCEIRO TRIMESTRE: Bloque IV, Unidades 6 e 7**

### **IV.1.1 Describe a resposta dos cristiáns aos grandes retos da sociedade actual e pon exemplos concretos. (CCL, CAA, CSIEE, CSC)**

1. Descoñece a resposta cristiá aos grandes retos da sociedade e non se interesa por aprender sobre ela.
2. Coñece os grandes retos da sociedade actual, pero non os relaciona coas respostas cristiás correspondentes.
3. Identifica as respostas do cristianismo aos grandes retos da sociedade, pero non os concreta en exemplos.
4. Ejemplifica claramente os grandes retos da sociedade e as respostas cristiás adecuadas a cada un deles.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **IV.2.1 Describe accións concretas da Igrexa que permiten difundir a mensaxe evanxélica e poñela en práctica. (CCL, CAA, CCEC)**

1. Descoñece a forma en que a Igrexa difunde a mensaxe evanxélica.
2. Entende que a Igrexa está comprometida co Evanxeo e a súa difusión, pero non sabe como o fai.
3. É capaz de explicar o compromiso evanxélico, pero non de dar exemplos concretos.
4. Realiza unha descrición concreta de accións evanxelizadoras da Igrexa.

### **IV.3.1 Explica accións concretas dos cristiáns nas que se aprecia a opción preferente polos pobres. (CCL, CSC, CSIEE)**

1. Descoñece a diferenza entre a pobreza evanxélica e a pobreza carencial.
2. Coñece a relación de Xesús cos máis desfavorecidos, pero non a estende aos cristiáns.
3. Entende a opción polos pobres en Xesús e nos cristiáns, pero non identifica claramente accións nas que se manifieste.
4. Presenta exemplos claros da opción polos pobres na vida cristiá e no Evanxeo.

### **IV.4.1 Identifica personaxes e actividades en favor dos pobres que tiveron o seu sitio no seo da Igrexa ao longo da historia. (CCL, CSC)**

1. Coñece moi pouco sobre a acción social da Igrexa.
2. Coñece algún exemplo da acción social da Igrexa, pero non o identifica cunha época determinada.
3. Coñece actividades a favor dos pobres que xurdiron da Igrexa ao longo da súa historia, pero de forma xenérica, sen dar exemplos concretos.
4. Presenta exemplos de persoas que tomaron a opción polos pobres e exemplos de accións sociais da Igrexa e localízaos temporalmente.

### **IV.5.1 Enumera valores sociais actuais e relaciónaos de modo inequívoco con valores cristiáns. (CAA, CCL, CSC)**

1. Cústalle citar valores sociais da actualidade.
2. Cita valores sociais actuais, pero resúltalle difícil identificalos con valores cristiáns.
3. Presenta valores sociais e algúns valores cristiáns asociados.
4. Identifica e relaciona correctamente valores cristiáns con valores sociais actuais.

### **IV.6.1 Demostra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. (CCL, CAA, CCEC)**

1. Non é capaz de ver trazos cristiáns na cultura actual nin ao longo da historia.
2. Pode atopar trazos cristiáns nalgúns creacións artísticas, pero non as sitúa temporalmente.
3. Atopa relación entre a arte e as culturas antigas e o cristianismo, pero sen chegar á actualidade.
4. Recoñece e valora positivamente a presenza cristiá en diferentes manifestacións da cultura actual.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

**IV.7.1 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc., e atopa a súa presenza nos medios actuais. (CCL, CSC, CCEC)**

1. Resúltalle moi difícil identificar a influencia do cristianismo na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde ou na educación.
2. Identifica algúns elementos cristiáns na sociedade actual, pero non considera que sexan achegas positivas.
3. Atopa con relativa facilidade a influencia da fe na educación ou na saúde, pero non a localiza noutros campos.
4. Presenta exemplos que xustifiquen a presenza da fe en distintos ámbitos, como a arte, o pensamento, os costumes etc.

**IV.8.1 Descubre e explicita con claridade a mensaxe evanxélica contida nun texto relixioso.(CCL,CAA, CSC, CSIEE)**

1. Descoñece e non presenta interese na análise de textos de carácter relixioso.
2. Le e busca información en textos relixiosos, pero a información que extrae é superficial.
3. É capaz de identificar a mensaxe evanxélica nalgúns textos, pero non en todos.
4. Descubre con facilidade e pode presentar ante outros a mensaxe evanxélica contida en textos relixiosos.

### 3.4. Perfil competencial

#### 3.4.1. Competencias Clave/Estándares de aprendizaxe avaliáveis

**CCL:** Competencia lingüística

**CMCT:** Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía

**CD:** Competencia dixital

**CAA:** Aprender a aprender

**CSC:** Competencia social e cívica

**CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

**CCEC:** Conciencia e expresións culturais

### CCL

I.1.1 Expressa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que reconece a esixencia humana de felicidade e plenitude. (CCL, CSC)

I.3.1 Explica, coas súas propias palabras, testemuños de persoas que superaron dificultades apoiadas na fe. (CCL, CSIEE)

I.4.1 Coñece e describe o proceso de reprodución de libros nas bibliotecas dos mosteiros durante a Idade Media. (CAA, CCL, CCEC)

II.1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. (CCL, CAA, CSC)

## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA**

II.2.1 Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. (CCL, CAA, CSIEE, CCEC)

II.3.1 Explica de forma razoada por que Deus chama a todas as persoas a colaborar con El na construción dun mundo máis humano. (CCL, CSC, CCEC)

II.4.1 Relaciona o relato de Caín e Abel coas actitudes en contra dos atentados á vida humana. (CCL, CAA, CSC)

III.1.1 Busca e selecciona biografías de conversos. (CCL, CD)

III.1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. (CCL, CSC, CCEC)

III.2.1 Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. (CCL, CAA, CD, CSIEE)

III.5.1 Busca, selecciona e presenta, de forma xustificada, a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa. (CCL, CAA, CSIEE)

III.6.1 escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa. (CCL, CSC)

III.7.1 Identifica e describe perfectamente os elementos básicos da liturxia cristiá: oración, sacramentos, vida de comunidade etc. (CAA, CCL, CCEC)

III.8.1 Explica o sentido da oración cristiá e valora as achegas dos mosteiros e dos grandes teólogos. (CCL, CCEC)

IV.1.1 Describe a resposta dos cristiáns aos grandes retos da sociedade actual e pon exemplos concretos. (CCL, CAA, CSIEE, CSC)

IV.2.1 Describe accións concretas da Igrexa que permiten difundir a mensaxe evanxélica e poñela en práctica. (CCL, CAA, CCEC)

IV.3.1 Explica accións concretas dos cristiáns nas que se aprecia a opción preferente polos pobres. (CCL, CSC, CSIEE)

IV.4.1 Identifica personaxes e actividades en favor dos pobres que tiveron o seu sitio no seo da Igrexa ao longo da historia. (CCL, CSC)

IV.5.1 Enumera valores sociais actuais e relaciónaos de modo inequívoco con valores cristiáns. (CAA, CCL, CSC)

IV.6.1 Demuestra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. (CCL, CAA, CCEC)

IV.7.1 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc. e atopa a súa presenza nos medios actuais. (CCL, CSC, CCEC)

IV.8.1 Descubre e explicita con claridade a mensaxe evanxélica contida nun texto de carácter relixioso. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)

### **CAA**

I.2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. (CAA, CSC, CSIEE)

## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA**

I.4.1 Coñece e describe o proceso de reprodución de libros nas bibliotecas dos mosteiros durante a Idade Media. (CAA, CCL, CCEC)

II.1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. (CCL, CAA, CSC)

II.2.1 Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. (CCL, CAA, CSIEE, CCEC)

II.4.1 Relaciona o relato de Caín e Abel coas actitudes en contra dos atentados á vida humana. (CCL, CAA, CSC)

III.2.1 Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. (CCL, CAA, CD, CSIEE)

III.3.1 Distingue nunha pintura os contidos que se axustan aos relatos bíblicos das interpretacións libres dos artistas. (CAA, CCEC)

III.4.1 Distingue o valor simbólico das imaxes do culto á persoa que representan. (CAA, CCEC)

III.5.1 Busca, selecciona e presenta, de forma xustificada, a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa. (CCL, CAA, CSIEE)

III.7.1 Identifica e describe perfectamente os elementos básicos da liturxia cristiá: oración, sacramentos, vida de comunidade etc. (CAA, CCL, CCEC)

IV.1.1 Describe a resposta dos cristiáns aos grandes retos da sociedade actual e pon exemplos concretos. (CCL, CAA, CSIEE, CSC)

IV.2.1 Describe accións concretas da Igrexa que permiten difundir a mensaxe evanxélica e poñela en práctica. (CCL, CAA, CCEC)

IV.5.1 Enumera valores sociais actuais e relaciónaos de modo inequívoco con valores cristiáns. (CAA, CCL, CSC)

IV.6.1 Demostra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. (CCL, CAA, CCEC)

IV.8.1 Descubre e explicita con claridade a mensaxe evanxélica contida nun texto de carácter relixioso. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)

### **CD**

III.1.1 Busca e selecciona biografías de conversos. (CCL, CD)

III.2.1 Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. (CCL, CAA, CD, CSIEE)

### **CCEC**

I.4.1 Coñece e describe o proceso de reprodución de libros nas bibliotecas dos mosteiros durante a Idade Media. (CAA, CCL, CCEC)

II.2.1 Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. (CCL, CAA, CSIEE, CCEC)

## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA**

II.3.1 Explica de forma razoada por que Deus chama a todas as persoas a colaborar con El na construción dun mundo máis humano. (CCL, CSC, CCEC)

III.1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. (CCL, CSC, CCEC)

III.3.1 Distingue nunha pintura os contidos que se axustan aos relatos bíblicos das interpretacións libres dos artistas. (CAA, CCEC)

II.4.1 Distingue o valor simbólico das imaxes do culto á persoa que representan. (CAA, CCEC)

III.7.1 Identifica e describe perfectamente os elementos básicos da liturxia cristiá: oración, sacramentos, vida de comunidade etc. (CAA, CCL, CCEC)

III.8.1 Explica o sentido da oración cristiá e valora as achegas dos mosteiros e dos grandes teólogos. (CCL, CCEC)

V.2.1 Describe accións concretas da Igrexa que permiten difundir a mensaxe evanxélica e poñela en práctica. (CCL, CAA, CCEC)

IV.6.1 Demostra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. (CCL, CAA, CCEC)

IV.7.1 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc. (CCL, CSC, CCEC)

### **CSIEE**

I.2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. (CAA, CSC, CSIEE)

I.2.2 Selecciona escenas de películas ou documentais que amosan a procura de sentido. (CD, CSIEE, CCEC)

I.3.1 Explica, coas súas propias palabras, testemuños de persoas que superaron dificultades apoiadas na fe. (CCL, CSIEE)

II.2.1 Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. (CCL, CAA, CSIEE, CCEC)

III.2.1 Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. (CCL, CAA, CD, CSIEE)

III.5.1 Busca, selecciona e presenta, de forma xustificada, a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa. (CCL, CAA, CSIEE)

IV.1.1 Describe a resposta dos cristiáns aos grandes retos da sociedade actual e pon exemplos concretos. (CCL, CAA, CSIEE, CSC)

IV.3.1 Explica accións concretas dos cristiáns nas que se aprecia a opción preferente polos pobres. (CCL, CSC, CSIEE)

IV.8.1 Descubre e explicita con claridade a mensaxe evanxélica contida nun texto de carácter relixioso. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### CSC

I.1.1 Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que reconece a esixencia humana de felicidade e plenitude. (CCL, CSC)

I.2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. (CAA, CSC, CSIEE)

II.1.2 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. (CCL, CAA, CSC)

II.3.1 Explica de forma razoada por que Deus chama a todas as persoas a colaborar con El na construción dun mundo máis humano. (CCL, CSC, CCEC)

II.4.1 Relaciona o relato de Caín e Abel coas actitudes en contra dos atentados á vida humana. (CCL, CAA, CSC)

III.1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. (CCL, CSC, CCEC)

III.6.1 escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa. (CCL, CSC)

IV.1.1 Describe a resposta dos cristiáns aos grandes retos da sociedade actual e pon exemplos concretos. (CCL, CAA, CSIEE, CSC)

IV.3.1 Explica accións concretas dos cristiáns nas que se aprecia a opción preferente polos pobres. (CCL, CSC, CSIEE)

IV.4.1 Identifica personaxes e actividades en favor dos pobres que tiveron o seu sitio no seo da Igrexa ao longo da historia. (CCL, CSC)

IV.5.1 Enumera valores sociais actuais e relacións de modo inequívoco con valores cristiáns. (CAA, CCL, CSC)

IV.7.1 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc. (CCL, CSC, CCEC)

IV.8.1 Descubre e explicita con claridade a mensaxe evanxélica contida nun texto de carácter relixioso. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)

### III.4.2. Instrumentos de avaliación

#### III.4.2.1. Escritos:

- Actividades diarias por escrito.
- Tarefas escritas do Libro Dixital Interactivo.
- Presentacións escritas dentro dos traballos cooperativos.
- Tarefas escritas dos apartados «Aprende a...».
- Compleción dos mapas mentais de cada unidade.
- Respostas á avaliación competencial.



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### III.4.2.2. Oraís:

- Participación en debates.
- Posta en común das cuestións xurdidas das rutinas de pensamento.
- Exposición dos resultados das tarefas do apartado «Muros de luz».
- Exposicións orais dos resultados das tarefas de «Exploradores da cultura».

### III.4.2.3. Observación directa e sistemática:

- Actitude cara aos compañeiros e compañeiras nas actividades colaborativas.
- Participación nas actividades do día a día.
- Mostra de interese nas actividades voluntarias e na ampliación de coñecementos.

## III.5. Criterios de promoción de Relixión Católica de terceiro curso da ESO

### III.5.1. Estándares de aprendizaxe avaliados imprescindibles/Competencias

#### BLOQUE I

Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que reconece a esixencia humana de felicidade e plenitude. CCL, CSC

Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. CAA, CSC, CSIEE

Selecciona escenas de películas ou documentais que amosan a procura de sentido. CD, CSIEE, CCEC

#### BLOQUE II

Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. CCL, CAA, CSC

Analiza o texto sacro diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. CCL, CAA, CSIEE, CCEC

#### BLOQUE III

Busca e selecciona biografías de conversos. CCL, CD

Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. CCL, CSC, CCEC

Crea e comparte textos, videoclips e curtas, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. CCL, CD, CAA, CSIEE

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### BLOQUE IV

Busca, selecciona e presenta, xustificándoa, a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa. CCL, CAA, CSIEE

Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa. CCL, CSC, CCEC

Demuestra, mediante exemplos previamente seleccionados, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia e atopa a súa presenza nos medios actuais. CCL, CAA, CCEC

Defende, de forma razoada, a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes, na saúde, na educación etc. CCL, CSC, CCEC

#### 3.5.2. Criterios xerais

##### 3.5.2.1. 1. Traballo autónomo (na aula e noutros espazos)

- Realización sen axuda externa.
- Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.
- Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.
- Orde e limpeza na presentación.
- Uso adecuado de instrumentos e recursos propios da materia.
- Emprego de esquemas.
- Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.
- Valoración do traballo en clase e en casa.
- Creatividade.

##### 3.5.2.2. Probas orais e escritas

- Valoración da aprendizaxe dos contidos.
- Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.
- Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade.
- Valoración do tempo investido e o tempo necesario para resolver unha actividade.
- Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.
- Caligrafía adecuada.
- Tempo de realización.
- Destrezas.
- Coherencia e adecuación.

##### 3.5.2.3. Actividades TIC

- Uso adecuado e guiado do ordenador e algunha ferramenta telemática.
- Utilización de Internet, de forma responsanle e con axuda, para buscar información sinxela ou para resolver unha actividade.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

- Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).
- Grao de elaboración da resposta.
- Interese e motivación.
- Destrezas.
- Capacidade de sintetizar e seleccionar de forma crítica contidos de Internet.

### 3.5.2.4. Participación e seguimento das clases

- Nivel e adecuación das intervencións.
- Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes.
- Uso de vocabulario adecuado.
- Comportamento na aula.
- Interese e esforzo.

### 3.5.2.5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal

- Capacidade de traballar de forma colaborativa.
- Comunicación adecuada cos compañeiros.
- Resolución de conflitos.
- Interese e motivación.
- Iniciativa.
- Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.

### 3.5.2.6. Arquivo de traballo individual

- Presentación clara e ordenada.
- Actualización.
- Xustificación dos traballos seleccionados no arquivo.

## III.6. Criterios de recuperación

### III.6.1. Recuperación dunha avaliación

- **Cada avaliación** recupérase coa avaliación seguinte segundo os mecanismos que estableza o profesor/a.
- No caso de que non se superase algunha recuperación, proporase unha **proba final escrita** sobre contidos da avaliación ou as avaliacións en cuestión.
- Valorarase a presentación dun *dossier* de traballo con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### III.6.2. Recuperación do curso

- Valorarase a presentación dun **dossier de traballo** con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.
- Exercicio escrito de **contidos mínimos**.

### III.6.3. Materia pendente do curso anterior

- Entrega trimestral, segundo datas establecidas, de actividades e traballos propostos e guiados polo profesor/a responsable da materia de Relixión Católica.
- Exercicio escrito de contidos mínimos.

### III.7. Ensinanzas transversais

Na Educación Secundaria Obrigatoria, elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias.

Da mesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non-discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais.

O ensino transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e en valores que sustenten a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

De entre as ensinanzas transversais, na materia de Relixión Católica de 3º ESO destacan especialmente:

#### Educación moral e cívica:

- Valoración das distintas respostas fronte ao sufrimento e respecto pola necesidade de sentirse amado que ten cada ser humano.
- Disposición a formarse unha conciencia moral.
- Disposición a recoñecer as actitudes que favorecen o encontro persoal cos demais.
- Recoñecemento dos valores cristiáns e da súa capacidade para influír na cultura actual.
- Valoración da opción polos pobres.

#### Educación para a igualdade de oportunidades:

- Comprensión das repercusións da mensaxe e a forma de actuar de Xesús, que anima aos cambios nas persoas coas que se atopa.
- Recoñecemento da universalidade da mensaxe cristiá e do feito de que Xesús superou os límites do seu pobo.
- Valoración das consecuencias culturais que tivo a misión evanxelizadora da Igrexa en canto a alfabetización do pobo, difusión das correntes artísticas e incorporación da piedade popular a cada cultura.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### Educación do consumidor:

- Actitude crítica ante os casos de manipulación da personalidade por parte dalgunhas seitas.
- Valoración das iniciativas solidarias e disposición a participar nelas.
- Toma de conciencia da forma de vida baseada na pobreza evanxélica pola que optaron moitos cristiáns e cristiás, relativizando a posesión de moitos bens superfluos.

### Educación para a paz:

- Interés polos valores que se fomentan nas peregrinacións como o Camiño de Santiago.
- Valoración dos aspectos positivos que achegan todas as respostas relixiosas ás preguntas que se formulan as persoas.

### III.8. Metodoloxía

A materia de Relixión Católica na ESO busca continuar aprofundando nos contidos traballados nos cursos anteriores pero buscando un enfoque dinámico, pedagoxicamente renovado e aberto a novos recursos, especialmente á experiencia propia dos mozos e mozas. Por iso estableceuse este proxecto ao redor de sete unidades, correspondentes a sete preguntas vitais e a sete reflexións que parten da oración dos cristiáns: o *Nosopai*. En cada unha das unidades utilizouse unha metodoloxía baseada nas competencias clave, que están detrás de todo o proceso de aprendizaxe e son programadas, traballadas e avaliadas.

A organización dos contidos correspóndese coa división nos bloques establecidos no novo currículo de Relixión: a) O sentido relixioso do home; b) Deus intervén na historia; c) Xesucristo, cumprimento da historia da salvación; d) Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.

As unidades ábreanse coa invitación a traballar sobre unha imaxe ou cunha rutina de pensamento. Téñense en conta diferentes técnicas de traballo cooperativo e numerosas actividades baséanse nas intelixencias múltiples. A unidade complétase cun mapa mental que facilita a síntese dos contidos. Ofrecense actividades de avaliación competencial ao final de cada unidade.

O traballo coas novas tecnoloxías intégrase en cada unha das unidades nos apartados «Algo + que...» e ao longo das cuestións finais propostas en cada apartado, pero destaca o recurso do CD *Muros de luz*, que presenta pinturas murais baseadas en escenas bíblicas da Historia da Salvación, a partir das cales se realiza un traballo bíblico e de interioridade.

#### 1. APARTADOS / ESTRUCTURA

As unidades están organizadas en apartados, que finalizan con actividades de distinto tipo. Cada un deles pode traballarse independentemente ou en relación cos anteriores, formando un todo orgánico.

Todas as unidades comezan cunha motivación inicial, continúan con orientacións para o traballo cooperativo e finalizan cun proceso para aplicar as rutinas de pensamento.

#### 2. INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

As actividades que se propoñen ao longo das unidades teñen en conta as intelixencias múltiples, ao ofrecer diversos modos de aprender.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

Cada unidade iníciase cun enfoque preventivo, que serve para reforzar as ideas desde distintas formas de aproximación.

### 3. TESTEMUÑOS

Preséntase a experiencia de fe e de compromiso dalgún cristián ou cristiá para mover á reflexión e a afondar dos coñecementos relacionados coa unidade.

### 4. TÉCNICAS DE TRABALLO COOPERATIVO

Propostas nas que se establecen técnicas de colaboración para lograr non soamente os obxectivos indicados senón tamén unha mellora da actitude cara ás demais persoas.

- Unidade 1: actividades 1 e 6.
- Unidade 2: actividades 2 e 7.
- Unidade 3: actividade 3.
- Unidade 4: actividade 3.
- Unidade 5: actividade 5.
- Unidade 6: actividade 6.
- Unidade 7: actividade 2.

Ademais destas tarefas especificamente cooperativas, existen numerosas actividades de colaboración en pequenos grupos cunha función similar.

### 5. COMPETENCIAS

O apartado «Aprende a...» está especificamente dedicado ao desenvolvemento de diversas competencias.

Ademais, as actividades finais de cada unidade ofrecen tarefas específicas, pensadas para permitir a avaliación competencial.

### 6. AS SETE PETICIÓNS DO NOSOPAI

Propón unha revisión reflexiva de cada unha das peticións da oración dos cristiáns, na que se pon de manifesto a súa implicación coa tradición sálmica.

En cada apartado ofrécense textos bíblicos, esquemas comparativos e chamadas á reflexión, acompañadas de imaxes significativas, polo que esta actividade atende a diversas destrezas cognitivas.

### 7. RUTINAS DE PENSAMENTO

Tarefas para aprender a pensar:

- Unidade 1: «Palabra, idea, frase»
- Unidade 2: «Mirar: 10 veces 2».
- Unidade 3: «Principio, medio, final».
- Unidade 4: «O titular».
- Unidade 5: «Mirar: 10 veces 2».
- Unidade 6: «Vexo-Penso-Pregúntome».
- Unidade 7: «Penso-Interésame-Investigando».

### 8. INTEGRACIÓN DAS TIC E MULTIMEDIA

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

En paralelo cos contidos de cada unidade, ofrécense recursos múltiples que ofrecen a posibilidade de ampliar os coñecementos por medio das TIC.

Destacan o recurso «Muros de luz», que se presenta en formato CD, e a revisión da presenza da Igrexa nas redes sociais, na unidade 7 (subapartado 3.2).

### 9. EXPLORADORES DA CULTURA

En paralelo coa temática de cada unidade, propóñense visións culturais sobre elementos fundamentalmente relixiosos, como a Biblia, a imaxe icónica de Xesús, a evolución da oración, a opción polos pobres ou ben o achegamento a outras relixións a través dos seus elementos culturais.

### 10. DESTREZAS DE PENSAMENTO

- Inferencia apoiada en imaxes nas preguntas introdutorias de cada unidade.
- Mapas mentais e sínteses en cada unha das sete unidades.
- «Describe, interpreta, comenta e investiga» no apartado «Aprende a...».
- Actividades con cadros analíticos e táboas para completar: Unidade 1: actividade 7. Unidade 6: actividade 10. Unidade 7: actividade 3.

### 11. APRENDIZAXE 360°

A aprendizaxe non se centra no teórico, senón que pon a mirada fóra da aula, para integrar os coñecementos adquiridos por diversos medios.

En numerosas actividades propónse expresamente a observación da realidade e a achega de exemplos da vida cotiá ou da contorna próxima.

### 12. MUROS DE LUZ

A partir dunhas pinturas murais sobre a Historia da Salvación, centradas en relatos bíblicos do Antigo Testamento e do Novo Testamento que se ofrecen en CD, realízase un traballo bíblico e de interioridade.

## III.9. Organización dos espazos e do tempo

### III.9.1. Tempo: 1 hora semanal

### III.9.2. Espazo

3.9.2.1. Aula: adaptable segundo as necesidades da actividade (utilización de encerado dixital, modificacións para facilitar o traballo en grupo, uso de elementos dinámicos etc.).

3.9.2.2. Espazos exteriores: adecuados para o traballo en grupo, como as bibliotecas e salas de estudo, e para os momentos de reflexión persoal, como o ámbito parroquial na oración comunitaria. Os museos ou salas de exposicións poden ser útiles para a investigación e valoración das achegas do cristianismo á cultura; así mesmo, os espazos comunitarios de servizo que dependen da Igrexa son fonte de reflexión acerca da doutrina social.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### III.10. Materiais e recursos didácticos

- Libro do alumno *Relixión Católica 3 ESO*.
- Libro Dixital Interactivo.
- Recursos didácticos: I- Programación e Orientacións didácticas; II- Material complementario.
- Biblioteca de Recursos.
- Recursos para a aula: recursos web, filmografía e bibliografía, fichas de competencias e fichas para a adaptación curricular.
- Material para traballar a Educación emocional.
- Proxectos de Aprendizaxe e Servizo.
- Xerador de avaliacións.
- Portfolio e e-portfolio.
- Ordenador.
- Encerado dixital.
- O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado do departamento de Relixión Católica realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia a través da aula virtual ( <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/aulavirtual/>).

### III.11. Atención á diversidade

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, intereses e capacidades dos alumnos para este curso, sirva como exemplo a seguinte relación:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR** (no «Material complementario»):
  - .(Básica): os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
  - .(Ampliación): fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES**: contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).

- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde aos seus intereses ou habilidades.

- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN:** traballos que permiten a ampliación na temática. Están situados ao longo das unidades, pero destacan os previstos en paralelo aos «Testemuños».

- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE:** o anexo final de «Textos bíblicos» serve tanto para facilitar o traballo con citas bíblicas especificadas na unidade, como para ampliar o contexto das mesmas e ofrecerlle ao alumnado un acicate para o achegamento ás fontes bíblicas. Cada unha das unidades conta tamén con numerosas propostas multimedia nos apartados «Algo + que...».

Resulta moi útil para facilitar a lectura e consulta autónoma o glosario final, no que se atopan definidos os termos fundamentais de cada unidade.

**Destacan neste libro as biografías dos personaxes relacionados coas unidades, nas que se atopa información sobre eles e o seu labor.**

### **III.12. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e a mellora da expresión oral e escrita**

#### **III.11.1. Lectura**

- Lectura comprensiva de información sobre diversos temas relacionados coas unidades.
- Lectura comprensiva de información acerca doutras relixións.
- Lectura comprensiva de fontes bíblicas.
- Lectura de testemuños e biografías para buscar información significativa.
- Lectura de documentos eclesiais para relacionalos con temáticas propostas.
- Procura de termos no glosario para mellorar a comprensión dos textos.
- Lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar e acceder a recursos en liña.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

- Utilización de estratexias de comprensión lectora:
- ✓ Lectura silenciosa (autorregulación da comprensión).
- ✓ Elaboración de síntese, esquemas e resumos (conciencia da propia comprensión).
- ✓ Compleción da información mediante a procura de termos descoñecidos ou a ampliación de significados.

### III.11.2. Expresión

- Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e traballos individuais, en actividades en grupo etc.
- Expresión adecuada oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Exposición oral e escrita con diferentes finalidades: informar, instruír, compartir etc.

### III.13. Estratexias para incorporar as TIC na aula

- **Libro Dixital Interactivo.** Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...
1.1. Cualifica as respostas de sentido que ofrecen o ateísmo, o agnosticismo e o laicismo e contrástaas coa resposta de salvación que ofrecen as relixións. (CCL) (CSIEE) (CCEC)

2.1. Identifica, por medio de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, na teoloxía, na ciencia e na técnica. Distingue os aspectos da realidade que permiten coñecer cada método. (CCL) (CMCT) (CAA) (CSC) (CCEC)

3.1. Recoñece con asombro e esfórzase por comprender a orixe divina do Universo e distingue que non provén do caos nin do azar. (CMT) (CAA)

3.2. Infórmase con rigor e debate respectuosamente sobre os casos de Galileo, Miguel Servet etc. Escribe a súa opinión, xustificando razoadamente as causas e as consecuencias dos devanditos conflitos. (CCL) (CMCT) (CSC) (CCEC)

4.1. Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana. (CAA) (CSC) (CCEC)

4.2. Analiza casos e debate de maneira razoada as consecuencias que se derivan dun uso da ciencia sen referencia ética. (CCL) (CD) (CSC) (CCEC)

**B2.5.1.4. Rúbrica de avaliación (Indicadores / Niveis de desempeño:** 1.Pouco adecuado. 2. Adecuado. 3. Moi adecuado. 4. Excelente)

**Valora as respostas de sentido do laicismo, do ateísmo e do agnosticismo e compáraas coa resposta de salvación que brindan as distintas relixións.**

1. Aínda que comprende que hai diferenza entre as respostas de sentido do laicismo, do agnosticismo e do ateísmo, non as distingue entre si nin ten clara a resposta de salvación das relixións.

2. Distingue as respostas non-relixiosas e coñece, de xeito básico, a resposta das relixións, pero non pode elaborar unha comparación sólida entre elas.

3. Valora e distingue as respostas de sentido das alternativas á relixión, identifica e valora as respostas de salvación das relixións e elabora unha comparación básica entre elas.

4. Identifica, clasifica, valora e distingue a resposta de sentido das alternativas non-relixiosas. Coñece e valora as respostas salvíficas das relixións e elabora unha comparación ben establecida entre elas.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

**Identifica, a través das fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, na teoloxía, na ciencia e na técnica. Distingue que aspectos de realidade permite coñecer cada método.**

1. Pode entender que existen distintos modos de coñecer a verdade, pero non distingue que aspectos permite coñecer cada un.
2. Entende que existen distintos métodos de coñecer a verdade, distingue superficialmente os aspectos que se poden aprender con cada método, pero non distingue claramente os límites entre eles.
3. Pode identificar os métodos de coñecemento da verdade e relacionalos cos aspectos que cada un deles permite coñecer, pero faino superficialmente, sen profundar nas súas implicacións.
4. Identifica correctamente os métodos de coñecemento e as respostas de cada un deles e realiza unha distinción clara e baseada na reflexión e no contraste de datos.

**Pode recoñecer e asumir con asombro a orixe divina do Universo, comprendendo que a súa procedencia non está relacionada nin co caos nin coas leis do azar.**

1. Intúe a relación de Deus co cosmos, pero non entende como se pode compatibilizar coas mensaxes contraditorias que o relacionan co caos ou co azar.
2. Entende que existe unha relación entre Deus e o Universo, pero segue dubidando acerca das teorías do caos ou das leis do azar, sen chegar a ningunha conclusión adecuada.
3. Chega a entender que a orixe do cosmos é divina e entende que nin o azar nin o caos son teorías que completen unha resposta válida.
4. Comprende a orixe divina da creación e a súa contraposición coas teorías do caos ou do azar, respectando outras posturas e entendendo como se pode compatibilizar unha visión científica coa fe.

**Coñece, por medio da procura de información, os casos de Galileo, Miguel Servet etc. Pode debater correctamente sobre eles cos seus compañeiros e compañeiras e escribir sobre o tema de forma razoada.**

1. Coñece sucintamente a existencia dos casos indicados, pero non busca información suficiente nin é capaz de debater sobre o tema nin de elaborar un texto coherente.
2. Coñece os casos indicados por medio de información básica, pero nun debate non pode soste unha opinión elaborada nin achegar un punto de vista persoal por escrito.
3. Informouse suficientemente dos casos realizando unha investigación propia e chega a súa opinión acerca deles, tanto nun debate como por escrito, pero sen chegar a unha reflexión madura.
4. Realizou unha procura completa de información, organizouna e reflexionou sobre ela, de maneira que pode soste correctamente o seu punto de vista nun debate ou nun escrito coherente.

**Descobre e acepta con respecto que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade do ser humano.**

1. Ten dificultades para relacionar a ética coa dignidade humana.
2. Pode relacionar a ética coa dignidade humana, pero de forma primaria.
3. Relaciona e acepta respectuosamente o vínculo entre a ética e a aceptación da dignidade humana e pode comunicalo de forma sinxela.



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

4. Asume na súa vida e mediante exemplos alleos a relación directa entre o criterio ético e a aceptación da dignidade do ser humano, transmíteos con corrección e comunicaos de forma clara.

**Compara e revisa casos nos que a ciencia se usou sen criterio ético e valora as súas consecuencias.**

1. Pode coñecer casos de ciencia sen criterio ético, pero non sabe cuestionalos.
2. Admite que existen casos de uso da ciencia sen ética e é capaz de ver as súas consecuencias, pero non saca conclusións.
3. Saca conclusións persoais sobre exemplos nos que se presenta un uso non-ético da ciencia, pero preséntaos sen analízalos seriamente.
4. Analiza con criterio casos nos que a ciencia prescindiu da ética e pode explicar as súas consecuencias e presentar todo de forma clara e ordenada.

**B2.5.1.5. Secuencia didáctica.** Actividades de aprendizaxe e recursos (Fase. Finalidade. Descrición da actividade. Recursos)

### FASE INICIAL

Contextualización: Expresar unha opinión persoal sobre a relación entre ciencia e fe.

(1. «Responde», na segunda páxina da unidade).

Exploración de ideas previas: Coñecer como trataron os científicos a súa relación coa fe a través da historia.

(2. Recomendación audiovisual: *Einstein and Eddington*. 3. Recomendación de lectura: *Fronteiras do coñecemento*, de Carlos A. Marmelada.

Motivación inicial: Ler de primeira man a opinión de relevantes científicos sobre este tema.

(4. «Testemuños» e actividades asociadas).

### DESENVOLVEMENTO

Introdución de novos contidos:

- Coñecer e investigar a través dun método científico distintas versións sobre a Creación.

(5. «Entre áreas»: traballo interdisciplinario coa área de Ciencias).

Estruturación dos coñecementos:

- Investigar para atopar a forma de achegarse á relixión desde a fe e de achegarse á fe desde a relixión. Buscar a converxencia de criterios entre fe e razón.
- Achegarse á situación histórica da relación entre relixión e ciencia e poder entender as razóns Igrexa en cada época.

(6. Actividade 8. 7. Actividade 10. 8. Actividades 15, 16, 17 e 18. 9. Recursos: ligazón da páxina 56. 10. Actividade 27).

### SÍNTESE

Aplicación do coñecemento:

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

- Realizar unha reflexión sobre a relación entre ciencia, fe e dignidade humana que complete o sentido das investigacións realizadas. (

(11. Ligazón da páxina 57. 12. Textos da páxina 57 e actividades 20 e 21. 13. Dinámica de grupo: debate «Son éticos os alimentos transxénicos?». 14. Actividade final («O vendedor de fume») da páxina 67).

### SEGUNDO TRIMESTRE. RELACIONES CURRICULARES.

#### B2.5.2. Unidade 2: Construíndo un mundo novo

##### B2.5.2.1. Contidos

- Orixe e evolución da Doutrina Social da Igrexa.
- Principios fundamentais da Doutrina Social da Igrexa.

##### B2.5.2.2. Criterios de avaliación

- Coñecer e valorar o contexto no que nace o ensino da Doutrina Social da Igrexa.
- Identificar a dignidade humana como clave para a convivencia xusta entre os homes, diferenciándoa dos recoñecementos que o Estado realiza a través das leis.
- Coñecer e aplicar os principios fundamentais da Doutrina Social da Igrexa.

##### B2.5.2.3. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

**CCL:** Competencia lingüística

**CMCT:** Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía

**CD:** Competencia dixital

**CAA:** Aprender a aprender

**CSC:** Competencia social e cívica

**CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

**CCEC:** Conciencia e expresións culturais

1.1. Identifica problemas sociais de finais do século XIX, estuda a súa evolución ata a actualidade e analiza as respostas da Doutrina Social da Igrexa. (CCL) (CAA) (CSC) (CCEC)

2.1. Elabora unha definición persoal sobre os termos *legal*, *ética* e *moral*. Explica publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais. (CCL) (CD) (CSC)

3.1. Comprende e define con palabras persoais o significado de ben *común*, *destino universal dos bens* e *subsidiariedade*. Aplica a situacións concretas devanditos principios xustificando o pensamento social da Igrexa. (CCL) (CAA) (CSC) (CCEC)

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.1.2.4. Rúbrica de avaliación. Indicadores / Niveis de desempeño

**Recoñece algúns problemas sociais de finais do século XIX e estuda como han ir evolucionando ata o momento actual. Analiza as respostas que dá a estes problemas a Doutrina Social da Igrexa**

1. Identifica os problemas sociais, segundo as indicacións do libro de texto ou do docente, pero non coñece a súa evolución ou ben ten dificultades para relacionalos coa Doutrina Social da Igrexa.
2. Coñece e identifica os problemas sociais do século XIX e a súa repercusión na actualidade; pode relacionalos coas accións que propón a Doutrina Social da Igrexa.
3. Identifica os problemas sociais do século XIX que chegaron ata a actualidade, dando conta da súa evolución, e é capaz de establecer unha relación xeral co labor eclesiástico no campo social.
4. Demostra o seu coñecemento sobre os problemas que a sociedade actual arrastra desde o século XIX, é consciente da súa evolución e identifica con claridade as accións que a Doutrina Social da Igrexa propón para compensalos.

**Define de forma persoal os conceptos *legal*, *ética* e *moral*. Realiza unha presentación, apoiada en medios audiovisuais, sobre as diferenzas entre eles.**

1. Pode chegar a presentar unha definición, pero esta é xenérica e pouco elaborada, e non realiza unha diferenciación entre os termos.
2. Presenta as definicións segundo o seu criterio persoal, pero de forma incompleta ou pouco fundamentada; a presentación é simple.
3. Realiza a definición dos tres termos baseándose en criterios persoais e preséntaa de forma ordenada e clara.
4. Consegue unha definición completa, que parte da súa opinión persoal, e preséntaa claramente e de forma que queden patentes o seu esforzo e a súa creatividade.

**Identifica de forma comprensiva o *ben común*, o *destino universal dos bens* e a *subsidiariedade*. Pode definilos persoalmente e aplicarlos a situacións concretas, nas que xustifica o pensamento social da Igrexa.**

1. Identifica vagamente as ideas de *ben común*, *destino universal dos bens* e *subsidiariedade*, pero é incapaz de definilos ou relacionalos coa Doutrina Social da Igrexa.
2. Presenta as definicións segundo o seu criterio persoal, pero de forma incompleta ou pouco fundamentada; a presentación é simple.
3. Entende as ideas de *ben común*, *destino universal dos bens* e *subsidiariedade*, defínelos de forma simple e relaciónaos no seu conxunto coa Doutrina Social da Igrexa.
4. Comprende e transmite por medio das súas definicións persoais os conceptos de *ben común*, *destino universal dos bens* e *subsidiariedade*, identifícaos claramente con exemplos e relaciónaos con achegas da Doutrina Social da Igrexa.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

**B2.1.2.5. Secuencias didácticas.** Actividades de aprendizaxe e recursos. (Fase. Finalidade. Descrición da actividade. Recursos)

### FASE INICIAL

Contextualización:

- escoitar e visualizar unha reflexión sobre o que os seres humanos compartimos na nosa condición de fillos de Deus.
- Ler acerca da relación entre a xustiza e o amor de Deus por medio da oración.
- Reflexionar sobre os dereitos da infancia e as situacións de inxustiza relacionadas co seu incumprimento.

Recursos:

- Ligazón á canción *Fillos dun mesmo Deus*, de Macaco, na segunda páxina da unidade.
- Proposta de lectura previa: *O alento da alma. Reflexións sobre a oración*, de Joan Chittister.
- «Responde», na segunda páxina da unidade.

Exploración de ideas previas:

- Ler e escoitar con respecto e interese a palabra do Papa Francisco acerca da solidariedade como camiño para a xustiza social.
- Tentar comprender a mensaxe acerca do papel da mocidade na devolución da dignidade aos desposuídos.

### DESENVOLVEMENTO

Introdución de novos contidos:

- Definir os límites da Doutrina Social da Igrexa (DSI).
- Establecer as orixes da Doutrina Social da Igrexa.
- Investigar sobre a evolución dos problemas sociais de finais do século XIX que chegaron á actualidade.
- Coñecer as liñas fundamentais da Doutrina Social da Igrexa.

Recursos:

- Actividades 6, 7 e 8.
- Texto da *Centesimus Annus*, de Xoán Paulo II, na páxina 93, e actividades 9 e 10.
- Táboa da páxina 95 e actividades 14 e 15.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

Estruturação dos coñecementos:

- Identificar de forma comprensiva o *ben común*, o *destino universal dos bens* e a *subsidiariedade* para chegar a unha definición persoal.
- Elaborar unha definición dos termos *legal*, *ética* e *moral* para expoñela publicamente co apoio de medios audiovisuais.
- Coñecer a misión da Igrexa e o compromiso cristián na acción social por medio dos seus axentes.

Recursos:

- Recomendación da curtametraxe *O ben común: o asalto final*, de Carole Poliquin.
- Textos da páxina 96 e actividades 16 e 17.
- «Entre áreas»: traballo interdisciplinario con Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais.
- Actividades 21, 24, 27, 28, 31 e 34.

### SÍNTESE

Aplicación do coñecemento:

- Recapitular a información contida na unidade.
- Crear un contido multimedia que resuma as reflexións individuais e colectivas acerca da Doutrina Social da Igrexa.

Recursos:

- Mapa conceptual da páxina 107.
- Actividades finais da páxina 107.
- Dinámica de grupo: «Grafitis para un mundo novo», na páxina 106.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### TERCEIRO TRIMESTRE. RELACIÓNS CURRICULARES.

#### B2.1.3. Unidade 3: A fe en diálogo coa cultura

##### B2.1.3.1. Contidos

- Significado do termo e dimensións da cultura.
- A vida monacal, fonte de cultura.

##### B2.1.3.2. Criterios de avaliación

- Coñecer e comparar diferentes acepcións do termo *cultura*.
- Ser consciente de que a persoa é xeradora de cultura.
- Caer na conta do cambio que o monacato introduce na configuración do tempo e do traballo.

##### B2.1.3.3. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

**CCL:** Competencia lingüística

**CMCT:** Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía

**CD:** Competencia dixital

**CAA:** Aprender a aprender

**CSC:** Competencia social e cívica

**CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

**CCEC:** Conciencia e expresións culturais

1.1. Estuda, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrástao co carácter antropolóxico do ensino da Igrexa. (CCL) (CAA) (CCEC)

2.1. Identifica os elementos propios de diversas culturas e elabora un material audiovisual onde os compara criticamente. (CCL) (CD) (CSC) (CCEC)

3.1. Coñece e respecta os trazos da vida monástica. Identifica a súa influencia na organización social e na vida laboral. (CAA) (CSC) (CCEC)

3.2. Valora o traballo dos monxes por conservar a arte e a cultura grecolatina, elaborando un material audiovisual no que se recolla a síntese do seu estudo. (CCL) (CD) (CAA) (CCEC)

##### B2.1.3.4. Rúbrica de avaliación. Indicadores / Niveis de desempeño

**Revisa o concepto de cultura a través do tempo para chegar a unha definición que pode comparar co carácter antropolóxico das ensinanzas eclesíásticas.**

1. Achégase superficialmente ás distintas visións do concepto de cultura, pero non chega a unha definición e/ou non fai unha comparación clara co carácter antropolóxico das ensinanzas da Igrexa.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

2. Revisa a evolución do concepto de cultura e compárao coa antropoloxía na Igrexa, pero non fixa claramente ningunha das dúas ideas.

3. Chega a unha definición de cultura e compáraa co carácter antropolóxico das ensinanzas da Igrexa, pero non afonda no estudo dos dous conceptos.

4. Estuda, analiza e define correctamente o concepto de cultura a través do tempo e realiza un contraste coherente e fundamentado co carácter antropolóxico das ensinanzas eclesiásticas.

**Identifica elementos propios de diversas culturas, cos que leva a cabo unha comparación que expón de forma audiovisual.**

1. Pode identificar elementos de culturas diferentes, pero non chega a completar a comparación e non a plasma correctamente.

2. Identifica as distintas culturas e compáraas, pero de forma básica, e a súa presentación audiovisual é precaria.

3. Consegue unha identificación dos elementos definitorios de diversas culturas e é capaz de realizar unha presentación.

4. Identifica con destreza elementos de distintas culturas, que compara con seguridade e orixinalidade por medio dunha presentación audiovisual.

**Aprende sobre a vida monástica para coñecer e respectar as súas peculiaridades. Pode identificar a súa influencia na organización do traballo.**

1. Chega a coñecer de forma sucinta algúns trazos da vida monástica e identifica algunha influencia en relación coa organización do traballo.

2. Recoñece e mostra respecto por algunhas peculiaridades da vida monástica e pode identificar de modo simple a súa influencia na organización da vida laboral.

3. Demostra coñecer e respectar trazos da vida monástica que están relacionados coa organización da vida laboral.

4. Reflexiona de forma autónoma acerca das particularidades da vida monacal e mostra respecto por ela. É capaz de relacionar correctamente estes trazos coa organización da vida laboral en que derivaron.

**Recoñece a importancia do traballo dos monxes para conservar e transmitir a cultura grecolatina. Recolle en material audiovisual a síntese dos seus descubrimentos.**

1. Mostra certo interese polo labor dos monxes na conservación da cultura, pero non é capaz de chegar a descubrimentos autónomos nin é quen de recollelos en material audiovisual.

2. Interésase polo traballo monacal en referencia á conservación da cultura e realiza unha procura básica de información que recolle de forma sinxela.

3. Recoñece a importancia do labor dos monxes para a transmisión da cultura e a arte grecolatina e sabe sintetizalo en material audiovisual.

4. Investiga, pescuda e chega a atopar datos interesantes acerca do labor dos monxes para conservar e transmitir a cultura grecolatina. Recolle este material e sintetízao de forma integrada nun proxecto audiovisual atractivo e ben realizado no que se percibe unha valoración do traballo monacal.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

**B2.1.3.5. Secuencias didácticas.** Actividades de aprendizaxe e recursos. (Fase. Finalidade. Descrición da actividade. Recursos)

### FASE INICIAL

Contextualización:

- escoitar de forma distendida unha mensaxe de multiculturalidade, baseada na condición de irmáns en Cristo.
- Reflexionar individualmente acerca da fe como nexa, a pesar das aparentes diferenzas culturais.

Recursos:

- Ligazón á canción *De pura raza*, de Kairoi, na segunda páxina da unidade.
- «Responde», na segunda páxina da unidade.

Exploración de ideas previas:

- Aprender sobre a vida monacal por medio dun texto literario.
- Apreciar unha proposta evanxelizadora que toma a arte como medio de difusión.

Motivación inicial:

- Coñecer experiencias de persoas que foron chamadas a traballar polos desfavorecidos desde a fe.

Recursos:

- «Testemuños» e actividades asociadas.

### DESENVOLVEMENTO

Introdución de novos contidos:

- Chegar a unha definición do concepto de cultura en distintos momentos históricos para plasmala nunha presentación audiovisual.
- Visualizar casos de incultura do Evanxeo e comparalos con textos eclesiásticos nos que se define esta situación.

Recursos:

- Ligazóns da páxina 112 e actividades 6, 7 e 8.
- Táboa da páxina 113 e actividade 9.
- Recomendacións de cine e ligazóns a documentos eclesiásticos, páx. 114.



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

Estruturação dos coñecementos:

- Revisar os valores cristiáns que se transmiten a través da cultura.
- Establecer a importancia do respecto ao pluralismo relixioso para a convivencia.
- Valorar o traballo dos monxes para conservar a cultura grecolatina e elaborar un proxecto en soporte audiovisual sobre o tema.

Recursos:

- Actividades 12, 13, 14, 15 e 17.
- Actividades 20, 21 e 26.
- Actividades 35, 36, 37, 38 e 39.
- Arte e cultura: «Os mosteiros, fonte de espiritualidade, cultura e desenvolvemento».

### SÍNTESE

Aplicación do coñecemento:

- Recapitular os coñecementos adquiridos e estruturalos.
- Recoñecer a figura de Cristo como garante da fe, pero tamén como personaxe histórico implicado na cultura do seu tempo e na súa realidade social.
- Comprender a actualidade da mensaxe de Xesús e a súa facilidade de transmisión por medio de elementos culturais.

Recursos:

- Elaboración do mapa conceptual proposto.
- «Entre áreas»: traballo interdisciplinario con Latín.
- Dinámica de grupo: «Taller de teatro».

### B2.2. Instrumentos de avaliación

#### B2.2.1. Escritos:

- Tarefas escritas correspondentes ás actividades diarias.
- Propostas escritas do Libro Dixital Interactivo.
- Presentacións enmarcadas nos traballos cooperativos.
- Tarefas escritas dos apartados «Aprende a...».
- Test de cada tema

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.2.2. Orais:

- Participación en debates.
- Posta en común das cuestións xurdidas das Rutinas de pensamento.

### B2.2.3. Observación directa e sistemática:

- Actitude cara aos compañeiros e compañeiras nas actividades colaborativas.
- Participación nas actividades do día a día.
- Mostra de interese nas actividades voluntarias e na ampliación de coñecementos.

## B2.3. Criterios de promoción de Relixión Católica de Primeiro curso

### B2.3.1. Estándares de aprendizaxe avaliáveis imprescindibles

#### Unidade 1

2.1. Identifica, por medio de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, na teoloxía, na ciencia e na técnica. Distingue os aspectos da realidade que permiten coñecer cada método. (CCL) (CMCT) (CAA) (CSC) (CCEC)

3.1. Recoñece con asombro e esfórzase por comprender a orixe divina do Universo e distingue que non provén do caos nin do azar. (CMT) (CAA)

4.1. Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana. (CAA) (CSC)(CCE) 4.2. Analiza casos e debate de maneira razoada as consecuencias que se derivan dun uso da ciencia sen referencia ética. (CCL) (CD) (CSC) (CCEC)

#### Unidade 2

1.1. Identifica problemas sociais de finais do século XIX, estuda a súa evolución ata a actualidade e analiza as respostas da Doutrina Social da Igrexa. (CCL) (CAA) (CSC) (CCEC)

2.1. Elabora unha definición persoal sobre os termos *legal*, *ética* e *moral*. Explica publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais. (CCL) (CD) (CSC)

3.1. Comprende e define con palabras persoais o significado de ben *común*, *destino universal dos bens* e *subsidiariedade*. Aplica a situacións concretas devanditos principios xustificando o pensamento social da Igrexa. (CCL) (CAA) (CSC) (CCEC)

#### Unidade 3

1.1. Estuda, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrástao co carácter antropológico do ensino da Igrexa. (CCL) (CAA) (CCEC)

2.1. Identifica os elementos propios de diversas culturas e elabora un material audiovisual onde os compara criticamente. (CCL) (CD) (CSC) (CCEC)

3.1. Coñece e respecta os trazos da vida monástica. Identifica a súa influencia na organización social e na vida laboral. (CAA) (CSC) (CCEC)

3.2. Valora o traballo dos monxes por conservar a arte e a cultura grecolatina, elaborando un material audiovisual no que se recolla a síntese do seu estudo. (CCL) (CD) (CAA) (CCEC)

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **B2.3.2. Criterios xerais**

#### **B2.3.2.1. Traballo autónomo (na aula e outros espazos):**

- Realización sen axuda externa.
- Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.
- Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.
- Orde e limpeza na presentación.
- Uso adecuado de instrumentos e recursos propios da materia.
- Emprego de esquemas.
- Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.
- Valoración do traballo na clase e na casa.
- Creatividade.

#### **B2.3.2.2 Probas orais e escritas**

- Valoración da aprendizaxe dos contidos.
- Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.
- Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade.
- Valoración do tempo investido e o tempo necesario para resolver unha actividade.
- Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.
- Caligrafía adecuada.
- Tempo de realización.
- Destrezas.
- Coherencia e adecuación.

#### **B2.3.2.3. Actividades TIC**

- Uso adecuado e guiado do ordenador e algunha ferramenta telemática.
- Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou para resolver unha actividade.
- Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).
- Grao de elaboración da resposta.
- Interese e motivación.
- Destrezas.
- Capacidade de sintetizar e seleccionar de forma crítica contidos de Internet.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.3.2.4. Participación e seguimento das clases

- Nivel e adecuación das intervencións.
- Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes.
- Uso de vocabulario adecuado.
- Comportamento en clase.
- Interese e esforzo.

### B2.3.2.5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.

- Capacidade de traballar de forma colaborativa.
- Comunicación adecuada cos compañeiros.
- Resolución de conflitos.
- Interese e motivación.
- Iniciativa.
- Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.

### B2.3.2.6. Arquivo de traballo individual

- Presentación clara e ordenada.
- Actualización.
- Xustificación dos traballos seleccionados no arquivo.

## B2.4. Criterios de recuperación

### B.4.1. Recuperación dunha avaliación

- **Cada avaliación** recupérase coa avaliación seguinte segundo os mecanismos que estableza o profesor/a.
- No caso de que non se superase algunha recuperación, propórase unha **proba final escrita** sobre contidos da avaliación ou as avaliacións en cuestión.
- Valorarase a presentación dun *dossier* de traballo con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.

### B2.4.2. Recuperación do curso

- Valorarase a presentación dun **dossier de traballo** con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.
- Exercicio escrito de **contidos mínimos**.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.4.3. Materia pendente do curso anterior

- Entrega trimestral, segundo datas establecidas, de actividades e traballos propostos e guiados polo profesor/a responsable da materia de Relixión Católica.
- Exercicio escrito de contidos mínimos.

### B2.5. Ensino transversais

Na Bacharelato elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias.

Da mesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non-discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais. A ensinanza transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e valores que sustente a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

De entre estas ensinanzas transversais, Relixión Católica PRIMEIRO DE BACHARELATO traballa especialmente:

#### **Educación moral e cívica:**

- Valoración das distintas modalidades de afectividade e respecto pola necesidade de sentirse amado que ten cada ser humano.
- Disposición a formarse unha conciencia moral.
- Disposición a recoñecer as actitudes que favorecen o encontro persoal cos demais.
- Recoñecemento dos valores cristiáns e da súa capacidade para influír na cultura actual.

#### **Educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:**

- Comprensión das repercusións da mensaxe e a forma de actuar de Xesús, que anima aos cambios nas persoas coas que se atopa.
- Recoñecemento da universalidade da mensaxe cristiá.
- Valoración da figura de María, dotándoa de entidade propia dentro da mensaxe cristiá.

#### **Educación do consumidor:**

- Valoración das iniciativas solidarias e disposición a participar nelas.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

- Toma de conciencia da forma de vida baseada na pobreza evanxélica pola que optaron moitos cristiáns e cristiás, relativizando a posesión de moitos bens superfluos.
- Mostra de interese polo servizo aos demais como parte da nosa misión no mundo.

### **Educación para a paz:**

- Valoración dos aspectos positivos que achegan todas as respostas relixiosas ás preguntas que se formulan as persoas.
- Coñecemento e comprensión das alternativas que ofrecen outras culturas.
- Integración da Civilización do Amor na vida diaria.

### **Educación para a saúde:**

- Adquisición dun concepto integral de saúde, entendendo como parte dela a saúde afectiva.

### **Educación para a resolución pacífica de conflitos:**

- Valoración da confianza mutua, da liberdade e do respecto para a consecución dunha convivencia pacífica.
- Aceptación da mensaxe evanxélica que convida a tratar o próximo como a un mesmo.

## **B2.6. Metodoloxía**

### **B2.6.1. A pedagogía de Deus**

A expresión pedagogía de Deus? refírese de maneira específica á forma de proceder de Deus para coas criaturas, o seu estilo educativo. Ten unhas características propias e irrenunciáveis, que permanecen ao longo da historia; non é un método, ou un conxunto de normas e actividades, senón unha forma de relación co home, de educación? no sentido etimolóxico do termo, que acompaña ao ser humano no seu proceso de crecemento persoal (educar) axudándolle a extraer o mellor de si (ex-ducere).

No seu actuar, Deus toma a iniciativa, despois de que sempre se achega como unha oferta de amor para o home. Así nolo mostra Xesucristo cando se dirixe ás persoas elixindo aquelas imaxes e parábolas que pode comprender o labrador, o pescador, o centurión... Non quere ensinar a cultura da contorna, senón que se serve dela para presentarse a si mesmo e transmitir a súa mensaxe.

Afirmar que a forma de actuar de Deus coas súas criaturas é referencia, modelo e fonte significa que a pedagogía de Deus vai iluminar todo o currículo á hora de actuar na aula, o que ha de reflectirse nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, así como nos métodos e actividades que utilizemos.

Os discípulos tiveron a experiencia directa dos trazos fundamentais da pedagogía de Jesús?, consignándoos despois nos evanxeos: a acollida do outro, en especial do pobre, do pequeno, do pecador como persoa amada e buscada por Deus; o anuncio xenuíno do Reino de Deus como boa noticia da verdade e a misericordia do Pai; un estilo de amor que libera do mal e promove a vida.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **B2.6.2. Cristo ensínalles a pedagogía da fe na medida en que comparten plenamente a súa misión e o seu destino.**

Os trazos fundamentais da pedagogía de Jesús?, consignados nos evanxeos, marcan un estilo característico de proceder para o profesor cristián. O máis significativo é a proposta dunha relación interpersoal entre Deus, que busca ao home, e o home, que busca o sentido da súa vida.

Cada encontro de Jesús posúe unha peculiaridade especial e unha novidade: Zaqueo, Nicodemo, a samaritana... cada unha das persoas recibe un trato persoal e un toque singular da presenza de Deus.

A análise e a reflexión acerca dos episodios de encontros narrados nos Evanxeos son un instrumento moi útil para o profesor de Relixión Católica. Esta convocatoria ao encontro suxire, entre outras, os seguintes valores para o educador cristián:

A acollida do outro, en especial do pobre, do pequeno, do pecador como persoa amada e buscada por Deus, é unha característica singular que non debe pasarnos desapercibida no acto docente. O respecto, recoñecendo que traballamos con persoas que son fillos de Deus, ás que debemos o mesmo trato que El ten coas súas criaturas. A actitude de servizo que leva ao educador para poñer os seus coñecementos, as súas calidades e a súa propia persoa ao servizo dos alumnos que lle son confiados; é un servizo á persoa integral. A condescendencia, realidade da que manan numerosas actitudes educativas: compaixón, proximidade, comprensión, adaptación á realidade do alumno, poñerse ao seu nivel para elevarlle, valorarlle, apreciarlle, acompañarlle, etc.

É característica da pedagogía de Jesús o emprego de todos os recursos propios da comunicación interpersoal, como a palabra, o silencio, a metáfora, a imaxe, o exemplo, e outros tantos signos. Isto supón tamén unha invitación para buscar os recursos que na actualidade sexan máis adecuados para a transmisión real da súa mensaxe.

**B2.6.3. A escola, na situación actual**, non pode renunciar á súa condición de ser un lugar sinalado para a formación integral do home, mediante a asimilación sistemática e crítica do universo cultural: feitos, saberes, valores, sentido da vida humana, posibilidades éticas, formas de interpretación creadora da realidade, esperanzas, capacidades de autoidentificación, de discernimento, de distanciamento crítico respecto do dado e establecido. O obxectivo irrenunciable da institución escolar formar o home desde dentro, libéralo de todo o que lle impide e vivir plenamente como persoa, leva consigo a súa efectiva referencia a unha determinada visión do home e ao seu sentido último, para afirmalo, negalo ou prescindir del.

**B2.6.4. Os contidos** propóñense como unha resposta vivencial á procura dos alumnos e seguen a orde dos bloques establecidos no currículo de Relixión:

- a) O sentido relixioso do home.
- b) Deus intervén na historia.
- c) Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación.
- d) Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.

Cada unidade empeza cunha invitación a traballar unha imaxe cunha rutina de pensamento distinta, e termina cunha proposta de mapa mental que axuda o alumno/á elaborar a súa propia síntese da

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

unidade. Así mesmo, as diferentes técnicas de traballo cooperativo están presentes en cada unha das unidades, e moitas das actividades apuntan ás diversas intelixencias múltiples.

### **B2.6.5. Respecto do resto de materias, a materia de Relixión Católica distínguese por un traballo máis continuado da dimensión interior.**

A forma concreta en que se traballan os contidos baséase nos procedementos que enumeramos:

- **Recoñecemento do rol do docente.** O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto ao que está a ensinar. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- **Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.** Combínase, de maneira adecuada o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- **Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.** Aténdese á diversidade, tendo en conta os distintos estilos de aprendizaxe, para lograr un equilibrio entre eles e permitir o desenvolvemento individual.
- **Consideración da dimensión humanista.** A materia de Relixión Católica, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais ou socioafectivas, estean ao servizo da formación integral do ser humano.
- **Respecto pola curiosidade e as inquietudes dos estudantes.** Téñense en consideración os intereses e as expectativas dos estudantes, así como os seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.

**Seguimento dos criterios de avaliación educativa.** Aplícase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe, e sumativa ao final do proceso.

- **Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo.** O estudo e reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.
- **Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos.** Promóvese a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dunha maneira instrumental, que resulte útil para o estudante na procura de información ou na resolución de problemas expostos na clase, senón tamén procurando a súa integración na vida do alumno/a e o seu uso ético.

### **B2.6.6. Usamos diversos instrumentos pedagóxicos. O máis frecuentes son:**

- **Técnicas cooperativas**
- **Pensamento crítico e resolución de problemas: rutinas de pensamento**
- **Destrezas de pensamento**
- **Aprendizaxe 360°**
- **Testemuños**



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.7. Organización dos espazos e do tempo

#### B2.7.1. ESPAZO

- Aula: adaptable segundo as necesidades da actividade (utilización de encerado dixital, traballo en grupo etc.).
- Espazos exteriores: indicados para o traballo en grupo, como as bibliotecas e salas de estudo, e para os momentos de reflexión persoal, como o ámbito parroquial na celebración dos sacramentos.

#### B2.7.2. TEMPO: 1 hora semanal

### B2.8. Materiais e recursos didácticos

- Libro do alumno *Relixión Católica*.
- Libro Dixital Interactivo.
- Recursos didácticos: I- Programación e Orientacións didácticas; II- Material complementario.
- Biblioteca de Recursos.
- Recursos para a aula: recursos web, filmografía e bibliografía, fichas de competencias e fichas para a adaptación curricular.
- Material para traballar a Educación emocional.
- Proxectos de Aprendizaxe e Servizo.
- Xerador de avaliacións.
- *Portfolio e e-portfolio*.
- Ordenador.
- Encerado dixital.
- O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado do departamento de Relixión Católica realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia a través da aula virtual ( <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/aulavirtual/>).

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.9. Atención á diversidade

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos para este curso, sirva como exemplo a seguinte relación:

- ADAPTACIÓN CURRICULAR (no «Material complementario»):
  - (BÁSICA): os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
  - (AMPLIACIÓN): fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.

- COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:

contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias nas aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...

- PLANS INDIVIDUAIS

dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).

- ACTIVIDADES MULTINIVEL:

posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde aos seus intereses ou habilidades.

- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN:

traballos que permiten a ampliación da temática.

- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE:

o anexo final de «Textos bíblicos» serve tanto para facilitar o traballo con citas bíblicas especificadas na unidade, como para ampliar o contexto das mesmas e ofrecer ao alumnado un acicate para o achegamento ás fontes bíblicas.

(Cada unha das unidades conta tamén con numerosas propostas multimedia nos apartados «Algo + que...»).

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.10. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e a mellora da expresión oral e escrita

#### B2.12.1. Lectura

- Lectura comprensiva de información sobre diversos temas relacionados coas unidades.
- Lectura comprensiva de información sobre outras relixións.
- Lectura comprensiva de fontes bíblicas.
- Lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar e acceder a recursos *on-line*.
- Utilización de estratexias de comprensión lectora:
  - Lectura silenciosa (autorregulación da comprensión).
  - Elaboración de síntese, esquemas e resumos (conciencia da propia comprensión).

#### 12.2. Expresión

- Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e traballos individuais, en actividades en grupo etc.
- Expresión adecuada oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Exposición oral e escrita con diferentes finalidades: informar, instruír, compartir etc.

### B2.11. Estratexias para incorporar as TIC na aula

#### B2.1.1. Libro Dixital Interactivo

Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...

#### B2.11.2. Actividades interactivas

O alumno/a responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos

na súa posición correcta etc. Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de

corrixilos.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### B2.11.3. Ligazóns a Internet

Colección de ligazóns a Internet de alto interese: explicacións complementarias, actividades, curiosidades etc.

### B2.11.4. Vídeos

Colección de fragmentos de vídeos que serven de apoio aos contidos do libro do alumno.

### B2.12. Iniciativa emprendedora

A iniciativa emprendedora, nun sentido amplo, é a «habilidade de transformar as ideas en actos».

Require dúas calidades fundamentais: **actitude proactiva**, para ir máis alá do xa establecido,

e **constancia para alcanzar os obxectivos** que un se propuxo.

En Relixión Católica de Primeiro curso propóñense diversos pequenos proxectos para realizar en equipo, en que o

alumnado deberá ter en conta:

- A capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar individualmente e colaborativamente en equipo; responsabilidade; avaliación e autoavaliación.
- A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autoconecemento e autoestima; autonomía e independencia; esforzo, constancia e disciplina; iniciativa e innovación.
- A capacidade de comprensión e asunción de riscos e manexo da incerteza.
- A capacidade de liderar e delegar.
- A capacidade de sentido crítico, compromiso e responsabilidade.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **B2.13. Actividades complementarias e extraescolares**

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia de Relixión Católica.

- Participación nas actividades interculturais organizadas polo centro educativo ou a Diocese ou o Concello.
- Asistencia a xornadas, conferencias interesantes desde o punto de vista da materia de Relixión. Particularmente as organizadas pos Manos Unidas e outras Ongs.
- Visita a institucións relixiosas ou civís en que se desenvolvan labores relacionados cos contidos da materia de Relixión. Facer diversos tramos, por cursos, dos distintos camiños de Santiago que chegan a Galicia (esta actividade extraescolar terá lugar nos primeiros luns de maio).
- Visita a exposicións temporais relacionadas cos temas estudados. Particularmente aquelas que teñen que ver con visitas dos misioneiros.

### **B2.14. Procedementos para valora entre a Programación Didáctica e os resultados. Resultados académicos/Propostas de mellora**

#### **B2.14.1. Preparación da clase e os materiais didácticos**

- Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento da clase.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- Adecúase o desenvolvemento da clase ás características do grupo.

#### **B2.14.2. Utilización dunha metodoloxía adecuada**

- Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.
- Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
- A metodoloxía inclúe o traballo de competencias e intelixencias múltiples.

#### **B2.14.3. Regularización da práctica docente**

- Grao de seguimento dos alumnos.
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

### **B2.14.4. Avaliación das aprendizaxes e información que deles se dá aos alumnos e ás familias**

- Os estándares de aprendizaxe avaliábel atópanse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: aos alumnos, ás familias.

### **B2.14.5. Utilización de medidas para a atención á diversidade**

- Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.